Avda. de Algeciras, nº. 34 - 15510 NEDA. - Tfno.: 981.380039 // 981.380222. - Fax: 981.385600 - correo@neda.gal

ANUNCIO

Asunto: Anuncio da lista definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas na provisión do posto de traballo administrativa/o de servizos económicos, código do posto: 04.00.00.03, mediante comisión de servizos

Expediente: 2026/E001/000005

Faise público que a Xunta de Goberno Local do 26.10.2026, adoptou o seguinte acordo:

"O 28.09.2026 a Xunta de Goberno Local aprobou as bases e a convocatoria da provisión do posto de referencia.

As bases reguladoras desta convocatoria e da provisión do posto de referencia publicáronse integramente no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Neda e na web municipal o 05.10.2026, así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. núm. 190, do 05.10.2026). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o 20.10.2026.

Consta no expediente o informe do rexistro xeral de entrada que acredita que non consta ningunha reclamación ou alegación contra as bases deste proceso selectivo e constata que hai presentadas dúas (2) solicitudes.

As devanditas solicitudes incorporáronse ao expediente do proceso selectivo.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, consonte o disposto na base cuarta das Bases reguladoras do proceso de selección, comprobáronse as solicitudes de participación presentadas e procedeuse a elaborar unha listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Non obstante, non consta ningunha persoa aspirante provisionalmente excluída, polo que non procede ningún prazo de emendas e alegacións e esta lista se considerará como definitiva.

Tendo en conta que o Decreto da Alcaldía núm. 22/2023, do 03.07.2023, (BOP núm. 130, do 10.07.2023), delégalle todas as competencias da Alcaldía á Xunta de Goberno Local, incluídas as relativas en materia de persoal.

En base ao que antecede esta Alcaldía proponlle á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro. Aprobar a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas, por non constar ningunha persoa aspirante provisionalmente excluída, segundo se relaciona a continuación:

Núm.	Apelidos e nome	DNI	Observacións
1	Pérez López, Ana	***7512**	RXE 202699900000980, 13.10.2026
2	Quintia Manteiga, Sergio	***8114**	RXE 202699900000989, 16.10.2026

Segundo. Publicar o presente acordo na web municipal e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Neda, de acordo coa base cuarta das Bases reguladoras do proceso de selección.

Terceiro. Darlle traslado deste acordo á Comisión de selección designada na base quinta das Bases reguladora cara a iniciar cantos trámites sexan precisos para elaborar a proposta de nomeamento.

Cuarto. Contra este acordo de aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos, poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun (1) mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso de contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses ante o Tribunal de Instancia de Ferrol, Sección contencioso-administrativo, a contar a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Neda."

Neda, asinado dixitalmente polo alcalde Ángel Alvariño Saavedra.

CVD: V/b+rVmXreOTlaVPHF35 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: https://sede.neda.gal